



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
CELEBRADA O 30 DE OUTUBRO DE 2019.**

ASISTENTES:

PRESIDENTA:

María Inés Monteagudo Romero (PP)

CONCELLEIROS/AS:

D. José Vázquez Rama (PP)

D^a María del Carmen González García (PP)

D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)

D^a Caridad González Cerviño (PSOE)

D^a María Del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

D. Ramón Lago Tajés (PSOE)

D^a María Xosé Alfonso Torres (CxG)

D. Jose Antonio Uhía Martínez (CxG)

D^a María Lago Lestón (BNG)

D^a Paula Simal Mayo (BNG)

Dona Sandra Maneiro Pais (PSOE) dixo a voceira do grupo municipal socialista que se incorporaba máis tarde pero non se incorporou e don José Manuel Quintela Fernández (CxG) non xustifica a súa ausencia.

INTERVENTOR

D. Fernando Vicente Abralde Rois

SECRETARIA XERAL

D^a María Ofir Aboy García

No Salón de sesións da Casa Consistorial, sendo as vinte horas e trinta minutos, do día de referencia reúnen-se en primeira convocatoria os Concelleiros citados anteriormente, ao obxecto de celebrar a sesión ordinaria do pleno da corporación, asistidos de min, a secretaria xeral do Concello quen certifica.





CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Comprobada pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, con arranxo ao seguinte orde do día:

Antes de iniciar ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día da sesión, a voceira do grupo municipal CXG, a señora Alfonso Torres toma a palabra para dicir que non está de acordo co cambio de día da sesión ordinaria que debería celebrarse o día de mañá e se vai a ausentar do pleno como causa de protesta porque lle parece que non está ben convocado por non cumprir coa normativa vixente e co acordado no pleno de Xullo e está fora de lugar o motivo polo que se cambia, que o venres sexa festivo, e se estivera ben convocado votarían a favor dos catro puntos, e en caso de que lle correspondera pide que non se lle pague porque non vai a estar nela en sinal de protesta.

Intervén a señora alcaldesa para dicir que é unha lástima que non manifestara iso na Xunta de Voceiros onde se prantexou esta cuestión e se manifestou en contra, dixo que moi ben non che viña pero dixo que si todo o mundo estaba de acordo non tiña problema ao que a señora Alfonso Torres di que non, que a ela non lle parecía ben o cambio de hora. Volve a intervir a señora alcaldesa para dicir que non está no uso da palabra e se acabou a súa intervención.

Dilixencia para facer constar: Que neste intre abandonan o salón os concelleiros do grupo municipal CSG, a señora Alfonso Torres e o señor Uhía Martínez.

Volve a intervir a señora alcaldesa para dicir que como se indica no decreto de convocatoria do pleno o día 25 de outubro tivo lugar unha xunta de voceiros onde se prantexou a posibilidade de cambiar o pleno a hoxe e non se manifestou oposición por parte de ningún voceiro, consultou cada unha co seu grupo, en calquera caso o pleno está perfectamente convocado

Intervén a voceira do grupo municipal socialista, a señora González para dicir que estabamos todos na xunta de voceiros ese día e que non lle sorprende a actitude da representante non sabemos de quen, e como leva catro anos mentindo esta é unha mentira mais da nova lexislatura.

Intervén a voceira do grupo municipal do BNG, a señora Lago para dicir que non se quere meter nesta guerra pero si que teño que dicir que a señora Alfonso dixo que non estaba de acordo en que se cambiase o pleno, dixo que tiña impedimento laborais, votouse e acadouse que si.

Volve a intervir a señora alcaldesa para dicir que agora imos a ter que gravar tamén as Xuntas de Voceiros, ela o que dixo e que non lle viñan moi ben pero si estábamos todos de acordo ela non tiña problema, e en calquera caso, se inicia a orde do día. Este pleno non trae aprobación de actas polo volume de traballo no departamento de secretaria debido a convocatoria das eleccións Xerais, e traeranse ao próximo pleno.

ORDE DO DÍA





CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

A) Parte Dispositiva

Primeiro.-Aprobación inicial do acordo de Delegación de competencias na Excelentísima Deputación Provincial da Coruña das funcións de xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (IIVTNU)

Intervén a alcaldesa para dicir que esta proposta ven cos informes favorables da comisión informativa que se explicou porque se vai a facer esta delegación e porque se propón, hai un informe conxunto de secretaría xeral e tesourería municipal nos que se especifican as funcións e atribucións que a Deputación vai a asumir ca delegación de competencias, cal e o procedemento de delegación e aceptación, a vixencia da delegación, que son de dez anos, prorrogables concluíndo nese informe que esa delegación pode supoñer unha notable mellora en termos de eficacia e custe beneficio. Pola súa parte o informe de intervención que tamén consta na proposta especifica cal vai a ser aproximadamente o custe da delegación e entre outras consideración tamén conclúe que a delegación vai a incrementar a eficacia e eficiencia na prestación dos servizos municipais. Así pois a proposta que se presenta se xustifica por un motivo de eficiencia na xestión posto que o custo que supón para o concello entendemos que é inferior aos rendementos adicionais que se pretenden derivar da utilización do servizo de recadación e tesourería.

Ditame da Comisión informativa

Considerando o expediente administrativo nº.2033/2019 que se tramita neste concello para realizar a delegación na Deputación da Coruña das funcións de xestión, inspección e recadación do Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana (IIVTNU).

Vistos informes que constan no expediente elaborados pola intervención municipal e o informe conxunto de secretaría e tesourería.

En cumprimento do previsto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e nas Bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia (BOP, nº.214 de 09/11/2018).

Visto o anterior, se propón ao pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o acordo de Delegación de competencias na Excelentísima Deputación Provincial da Coruña das funcións de xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (IIVTNU), co quórum de maioría absoluta do número legal de membros da corporación.





CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Segundo.- *Publicar no BOP o acordo de delegación de competencias na Excelentísima Deputación Provincial da Coruña das funcións de xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (IIVTNU) aos efectos de Información Pública e Audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de alegacións e xeral coñecemento*

Terceiro.- *No caso de que non se presente ningunha alegación entenderase definitivamente adoptado o presente acordo. De terse presentado alegacións deberán ser resoltas polo Pleno da Corporación.*

Cuarto.- *Unha vez aprobado definitivamente o acordo da delegación efectuada remitir certificación da Secretaría Xeral da corporación á Excelentísima Deputación Provincial da Coruña para a súa aceptación e publicación.*

Quinto.- *Os expedientes trasladaranse á Deputación Provincial a partir do primeiro feito impositivo logo da entrada en vigor da delegación efectuada*

Abre a señora alcaldesa unha quenda de intervencións

Intervén a voceira do grupo municipal socialista a señora González Cerviño para dicir que como xa manifestaron na comisión informativa están totalmente de acordo porque vemos que a repercusión non concello que vai a ser moito máis favorable para todos os veciños e veciñas de Muros vamos a descargar dun traballo importante e engoroso o funcionariado do concello e imos ser capaces de que se dediquen a cousas máis importantes que redundan no beneficio dos veciños.

Intervén a voceira do grupo municipal do BNG para dicir que eles están de acordo co que se prantexa, na comisión informativa preguntamos aquelas dúbidas que nos podían quedar un pouco no aire como se se ían a manter os postos de traballo, o contestárenos que si non temos máis obxección. No seu día xa apoiámos esta medida así que a día de hoxe vamos a volver a apoiar sen problema

Volve a intervenir a señora alcaldesa para dicir que efectivamente esta proposta xa se trouxera na anterior lexislatura, nos naquel momento nos abstivemos porque non foron capaces de aclararnos varias cuestións que preguntamos, entre elas cal era o número de liquidacións efectuadas e o custe que tiñan. As liquidacións por si o queredes saber no primeiro trimestre se fixeron 57 no segundo 45 e no terceiro 94, en total 196 liquidacións e nos decretos que os figuran ca documentación constan 47 destas liquidacións. Parece que a grupo CxG lle molesta que presentemos estas propostas, que as dialoguemos, que expoñamos os motivos, cousas que eles non fixeron, nos intentamos resolver todas as dúbidas que se plantexan desde distintos grupos.

Segunda quenda de intervención





CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Volve a intervir a voceira do grupo municipal socialista a señora González Cerviño para dicir que unicamente dicir que ao partido socialista pouco lle importa a opinión da señora Alfonso. Referiuse a nos cando dixo que tivera un problema ca convocatoria do pleno pero nos non imos a entrar nesas liortas cree que xa lle chegou bastante durante estes catro anos ter que aguantar este tipo de caprichos e tonterías..

Rematadas as intervencións, o pleno da corporación por unanimidade sos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o acordo de Delegación de competencias na Excelentísima Deputación Provincial da Coruña das funcións de xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (IIVTNU), co quorum de maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

Segundo.- Publicar no BOP o acordo de delegación de competencias na Excelentísima Deputación Provincial da Coruña das funcións de xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (IIVTNU) aos efectos de Información Pública e Audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de alegacións e xeral coñecemento

Terceiro.- No caso de que non se presente ningunha alegación entenderase definitivamente adoptado o presente acordo. De terse presentado alegacións deberán ser resoltas polo Pleno da Corporación.

Cuarto.- Unha vez aprobado definitivamente o acordo da delegación efectuada remitir certificación da Secretaría Xeral da corporación á Excelentísima Deputación Provincial da Coruña para a súa aceptación e publicación.

Quinto.- Os expedientes trasladaranse á Deputación Provincial a partir do primeiro feito imponible logo da entrada en vigor da delegación efectuada

Segundo.- Aprobación do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais.

Intervén a alcaldesa dona María Inés Monteagudo Romero para dicir que a proposta que se presenta para aprobación plenaria ven con informe favorable da comisión informativa e é un paso mais na política de prevención de lumes, xa se aprobara o plan de actuación municipal ante o risco de incendios forestais estaba pendente a aprobación do plan de prevención que é basicamente a identificación das parcelas que están nas franxas de protección dos núcleos e isto vainos a permitir que a través dunha ferramenta informática que a consellería vai a poñer





CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

en disposición dos concellos, que xa está poñendo de feito, axilizará bastante a limpeza destas franxas e seguir avanzando na quenda de prevención.

Ditame da comisión informativa

Considerando o expediente administrativo nº.1955/2019 que se tramita neste concello para a aprobación do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais (PMPDIF) do Concello de Muros.

Vistos informes que constan no expediente elaborados pola Axente de Sostenibilidade e pola secretaría municipal.

En cumprimento do disposto no artigo 7 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, correspóndelle aos concellos a elaboración e a aprobación dos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais de acordo co previsto na citada Lei e na lexislación galega de montes, e integrar o plan no plan de emerxencias municipais, de acordo co previsto na lexislación galega de emerxencias.

Visto o anterior se propón o pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- *Aprobar o Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais.*

Segundo.- *Someter o mesmo a información pública por un prazo de vinte días hábiles, a contar dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que as persoas que o desexen poidan formular as correspondentes alegacións, observacións e suxestións. Durante o citado prazo a documentación do Plan poderá ser examinada nas dependencias da Casa Consistorial do Concello de Muros, sita no Curro da Praza, nº1, en días hábiles e durante o horario de atención ao público. Así mesmo, tamén poderá ser consultado na páxina web do Concello de Muros (<http://www.muros.gal>).*

Se abre unha quenda de quendas para intervencións

Intervén a voceira do grupo municipal socialista a señora González Cerviño para dicir que como xa dixo na comisión informativa imos apoiar isto e pedimos que como xa existe outro documento paralelo a este dende o concello se fixera algo para dicir que este forma parte do documento primeiro porque podería dar lugar a equívocos cando os veciños entraran a mirar. Imos a ver si esta é unha ferramenta suficientemente boa para que os nosos montes non se volvan queimar.

Intervén a voceira do grupo municipal do BNG a señora Lago Lestón para dicir que non ten nada mais que engadir é un trámite necesario que hai que facer e alegrámonos de que se tivese feito.

Rematadas as intervencións o pleno da corporación, por unanimidade dos seus membros presentes adopta os seguintes acordos





CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Primeiro.- Aprobar o Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais.

Segundo.- Someter o mesmo a información pública por un prazo de vinte días hábiles, a contar dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que as persoas que o desexen poidan formular as correspondentes alegacións, observacións e suxestións. Durante o citado prazo a documentación do Plan poderá ser examinada nas dependencias da Casa Consistorial do Concello de Muros, sita no Curro da Praza, nº1, en días hábiles e durante o horario de atención ao público. Así mesmo, tamén poderá ser consultado na páxina web do Concello de Muros (<http://www.muros.gal>).

Terceiro.- Aprobación inicial da Disposición Regulamentaria do réxime xurídico das Bases xerais reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de subvencións dirixidas a Asociacións de Nais e Pais de Alumnos para a realización de actividades de apoio educativo no concello de Muros, que consta no expediente e se acompaña como anexo

Intervén a señora alcaldesa dona María Inés Monteagudo Romero para dicir que a proposta que se presenta ao pleno para a súa aprobación ven con informe favorable da comisión informativa, o obxectivo desta proposta é facilitarlles as asociacións de nais e pais de alumnos a organización de actividades extraescolares mediante unha convocatoria de subvencións para organización de actividades de apoio educativo. A axuda máxima a que pode optar cada unha das asociacións son 2.000 euros por entidade e as propias ANPAS deberán cofinanciar a lo menos o 10% do importe do proxecto. A forma de pago , está previsto de forma xeral que se pagará despois da xustificación per tamén se pode facer un pago anticipado, sen garantía sempre que a asociación o solicite e a administración o aprobe. Pretendemos con esta proposta resolver os problemas que nos últimos anos se veñen detectando ca organización de traballos extraescolares nos que algún no tivo ni demanda e tivo que suprimirse e con esta proposta queremos que as propias ANPAS organicen as actividades que teñan demanda entre os seus fillo e escolares de cada centro. Foi consensuada con todas as ANPAS do concello que son sete e aínda que supón un incremento de gasto importante entendemos que non so cumpren unha función de apoio educativo senón tamén de conciliación. Na comisión o grupo do BNG presentou unha emenda solicitando que se suprimira entre os criterios de valoración o número de alumnos participantes. Este criterio é un 10% sobre o total dos criterios de adjudicación e en absoluto nos parece desproporcionado que se teña en conta o número de alumnos que participan na actividade porque non se trata de penalizar as que teñan menos alumnos pero tampouco as que teñan mais.





CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Ábrese unha quenda de quendas de intervención

Intervén a voceira do grupo municipal socialista, a señora González Cerviño para dicir que efectivamente na comisión informativa cando propuxo a representante do BNG o de eliminar esa condición nos tamén estivemos en contra porque así o fixemos cando gobernamos e distribuímos as subvencións, tivemos sempre presente o número de participantes e beneficiarios porque creemos que é fundamental porque non é o mesmo darlle unha determinada subvención a un colexio onde hai tres rapaces que outro colexio que ten seis mil pero as necesidades dun colexio con mais rapaces necesitan mais achegas. Non é o mesmo contratar un monitor para unha actividade que catro ou cinco monitores. Estamos totalmente de acordo con que os colexios pequenos se lles cubran as necesidades que teñan pero o que non pode ser e que as axudas que van destinadas neste caso as ANPAS que se valoren da mesma maneira tendo mais ou menos nenos e están de acordo co regulamento que se trae ao pleno.

Ditame da Comisión informativa

Visto o expediente administrativo 1653/2019 que se tramita en este concello para a aprobación das Bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de subvencións dirixidas a Asociacións de Nais e Pais de Alumnos para a realización de actividades de apoio educativo no concello de Muros, que consta no expediente e se acompaña como anexo

Visto o informe conxunto da secretaría xeral e fiscalización de intervención municipal.

Visto o anterior se propón o pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a Disposición Regulamentaria do réxime xurídico das Bases xerais reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de subvencións dirixidas a Asociacións de Nais e Pais de Alumnos para a realización de actividades de apoio educativo no concello de Muros, que consta no expediente e que consta no expediente

Segundo.- Someter o Expediente a Información Pública e Audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións.

Terceiro .- No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxestión entenderase definitivamente adoptado o presente acordo quedando facultado expresamente o Alcalde-Presidente para a súa publicación e execución.





CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Intervén polo grupo municipal do BNG a señora Lago Lestón para dicir que eles presentaron na comisión unha emenda que queremos volver a presentar aquí e aínda que intúen que volverá a quedar fora, volvemos a presentar e é a mesma que presentamos na comisión.

A emenda presentada polo grupo municipal do BNG di o seguinte:

Emenda única.

No punto 5.1.2- Criterios cuantificables mediante fórmulas ou tramos, a supresión do criterio:

Número de alumnado afectado directamente polas actividades subvencionadas.

Intervén a señora alcaldesa para dicir en primeiro lugar temos antes que defendela votar a inclusión na orde do día, que precisa da votación de maioría absoluta.

Se vota a inclusión da emenda na orde do día sendo rechazada a súa inclusión por non acadar a mesma o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da corporación

Volve a intervir o grupo municipal do BNG a señora Lago Lestón para dicir que dende o BNG creemos que dada as distintas características dos centros educativos do noso concello este baremo deixa en clara desvantaxa os centros máis pequenos non é o mesmo a cantidade de alumnos que poden demandar unha determinada actividade e podemos atoparnos cunha actividade que nun centro está so destinada a un dos ciclos de educación e noutro centro se enfoque a todo o groso do alumnado é o centro mais grande teña mais demanda que é o que pasa. O resto do baremo si está moi ben enfocado, ten en conta ese baremo a cantidade que se vai a solicitar. Evidentemente un colexio mais grande terá que pedir mais cartos para poder levar a cabo a actividade porque terá mais nenos e por iso creemos que ese único punto é o que deixa en desvantaxa aos máis pequenos e por iso non podemos apoiar un baremo que creemos que non é xusto cos centros pequenos e tendo sobre todo as características educacionais que teñen estes centros e as vantaxes que pensamos que teñen que pensamos que son maiores os centros grandes e os novos modelos educacionais deixan claro que precisamente nos centros pequenos se pode levar a cabo unha atención máis individualizada e moito máis efectiva e non imos a ser partícipes de que se quiten recursos ós centros pequenos. Volve a intervir a señora alcaldesa para dicir que como xa dixo é o 10% do total e non é un criterio decisivo na valoración e nos parece razoable ter en conta o número de alumnos que participen en cada actividade no proxecto que debe presentar cada ANPA e entendemos que as ANPAS adaptarán os proxectos ás necesidades dos seus fillos.

Volve a intervir a voceira do grupo municipal socialista, a señora González Cerviño para dicir que simplemente pola última frase que dixo ela entende é para dotar de medios no para





CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

quitarlle recursos porque ela dí que se lle quita recursos e con isto non se lle quita recursos ao que lle contesta a señora alcaldesa que ao revés.

Rematadas as intervencións o pleno da corporación cos votos a favor do grupo municipal popular e grupo municipal socialista e os votos en contra do grupo municipal do BNG adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a Disposición Regulamentaria do réxime xurídico das Bases xerais reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de subvencións dirixidas a Asociacións de Nais e Pais de Alumnos para a realización de actividades de apoio educativo no concello de Muros, que consta no expediente e que consta no expediente

Segundo.- Someter o Expediente a Información Pública e Audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións.

Terceiro .- No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxestión entenderase definitivamente adoptado o presente acordo quedando facultado expresamente o Alcalde-Presidente para a súa publicación e execución.

Cuarto.- Declaración institucional con motivo da celebración do 25 N

Intervén a señora alcaldesa dona María Inés Monteagudo Romero para dicir que esta é unha proposta que presentou o grupo do BNG a que nos presentamos unha emenda a que foi aceptada e o grupo de CXG non estivo nesta comisión porque chegaron tarde pero manifestaron a súa conformidade parece ser antes de marchar.

A señora Alcaldesa lle da a palabra a señora Lago Lestón para que proceda á lectura da Declaración institucional

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO 25 N

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de marzo de 2019 o feminismo galego volveu facer historia cunha folga e unha serie de mobilizacións previas que superaron a asistencia expectativas xeradas após a tamén histórica xornada do 8 de marzo de 2018. Porén, a resposta esixida nas rúas non ten chegado na parte que compete ás administracións públicas e é preciso tomar conciencia da necesidade de incrementar os esforzos a realizar.





CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

Recentemente Galiza, e tamén outros pobos do Estado español, volvían vivir asasinatos machistas que fixeron saltar a alarma social pero que, porén, unha vez máis, non mereceron comparencias específicas dos gobernos como si o fixeron noutros asuntos. No mes de xullo, galegas e galegos volvíamos saír ás rúas para condenar un noma feminicidio en Galiza, no concello de Vilalba. Cómpre recordar tamén que este último asasinato tiña lugar despois de que unha orde de afastamento fora quebrantada, o que nos recorda a necesidade imperiosa de mellorar os mecanismos de protección existentes e de mellorar e aumentar os recursos existentes. Non somos lexisladores, pero dende os concellos temos a capacidade de asentar bases que nos fagan tomar conciencia da necesidade de tomar en serio as medidas de protección cara ás vítimas.

Este mes de setembro, a violencia machista volvía amosar a súa cara máis dura e volvíanos facer saír as rúas ante un novo crime que segaba a vida de tres mulleres no concello de Valga, esta mesma corporación convocou unha concentración o día seguinte coa presenza de todos os partidos que forman parte do pleno da corporación, non é tempo de recuar, nin de argumentar móbiles que nos fagan escusar ao agresor. A violencia non debера ter cabida na nosa sociedade, e compre as administracións poñer as ferramentas precisas para afastala das nosas vidas.

A estes feitos únense unha longa lista de acontecementos recentes que non son unha excepción, senón que son habituais na nosa realidade máis achegada, e que nos recordan a necesidade de apostar por máis medidas para unha transformación social urxente que debilite o sistema patriarcal que nos violenta e asasina. Recordamos, por exemplo, novos concursos sexistas que tiveron que ser cancelados por presión social, denuncias por agresións sexuais en festas e festivais, agresións verbais aos puntos lilas de moitos eventos, sentenzas patriarcais, puntos de encontro con condicións inadecuadas e, unha vez mais, pechados no mes de agosto ou problemas coa rede de casas de acollida ao tempo que o tan publicado Pacto de Estado é un titular máis do que unha realidade (sen supoñer aínda un só cambio legal relevante para as mulleres galegas) e o cumprimento da Lei galega de 2007 está a ser sistematicamente vulnerado en cuestións tan importantes como a atención psicolóxica dentro da Atención Primaria.

Son moitos os sinais de alerta dunha situación insoportábel e que non se arranxa con medidas cosméticas como posicionamentos puntuais nas efemérides ou xestos exclusivamente simbólicos e baleiros de contido e compromiso. As administracións teñen unha responsabilidade que debe cumprirse, corrixir o que non funciona e incrementar as actuacións.

ACORDO

1. Expresar o recoñecemento da Corporación ás mobilizacións desenvolvidas polo feminismo galego.
2. Comprometerse a incrementar os recursos económicos destinados á prevención e loita contra a violencia machista no vindeiro exercicio económico.
3. Demandar do goberno central:





CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

a) O incremento cando menos no dobre as contías destinadas administración local para o vindeiro exercicio económico, procurando os mecanismos legais oportunos para garantilos con independencia da situación política estatal e da existencia ou non de novos orzamentos.

b) A reformulación dos criterios de reparto para que se teñan en conta as especificidades do noso país como son a dispersión, o alto número de entidades de poboación e o avenllantamento para que Galiza deixe de estar discriminada ao respecto.

c) Impulsar as medidas oportunas para cumprir o Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica (Convenio de Istambul),

4. Demandar da Xunta de Galiza:

a) Un incremento substancial dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero que, como mínimo, deben situarse no 1% dos orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2020.

b) Cumprir a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero comprometendo os recursos persoais e económicos necesarios.

5. A colocación nos espazos e instalacións públicas de titularidade municipal de carteis, no que se informe, entre outras cuestións, sobre as medidas de protección integral contra a violencia de xénero: a favor da igualdade e do respecto a dignidade humana e a liberdade das persoas, eliminación de publicidade sexista ou vexatoria para as mulleres, eliminación de estereotipos sexistas ou discriminatorios, prevención de conflitos e resolución pacífica.

Volve a intervir a señora alcaldesa para dicir que este foi un texto que se consensúo entre todas os presentes na comisión e podeades ver que deixamos encima das mesas uns carteis ca programación que se fai dende o concello todos os meses de novembro en relación ca celebración do día internacional da violencia contra as mulleres e hai actuacións dirixidas a distintos colectivos como profesionais de saúde como rapaces de instituto, en infantís, sempre se pode facer mais pero cree que é unha programación bastante completa.

Se abre unha quenda de intervencións

Intervén a voceira do grupo municipal socialista, a señora González Cerviño para dicir que efectivamente foi unha proposta do BNG que entre todos a remodelamos un pouquiño e puxémola para que todos estivéramos de acordo e para que fora votada por unanimidade do pleno o convertila nunha declaración institucional e esperemos que podamos ver con esta declaración e con todo o que se faga resultados positivos que é o máis importante.

Intervén a voceira do grupo municipal do BNG a señora Lago Lestón para dicir que evidentemente elas están contentas e orgullosas de que esta moción chegara a convertirse en declaración institucional é precisamente esta corporación debe dar exemplo porque somos a primeira na historia do concello de Muros que ten catro voceiras a única que ten en toda ao redor que hai maioría de mulleres xa que nos concellos cercanos estamos en clara minoría. Temos que tomar esta declaración como punto de partida para seguir traballando en contra da violencia machista, mais alá do evidente que son os golpes e a culminación nos asasinatos que ocorren día a día, esta culminación ten lugar porque hai unha violencia intrínseca moito mais





CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

difícil de detectar e aí e onde nos debemos de fixar. Non deixar que cheguen a facernos saír e facer minutos de silencio senón loitar dende a súa base para a súa erradicación. Entenden que dende os concellos non podemos hasta certo punto meternos en segundo que temas pero si que nos gustaría que a partir de aquí o concello de Muros se poña as pilas é poña todo o que está na súa man para erradicar esta lacra.

Rematadas as intervencións , o pleno da corporación por unanimidade dos membros presentes aproba a declaración institucional.

B) Mocións de urxencia

Non se presentan mocións de urxencia

C) Parte de control dos órganos de goberno e fiscalización da xestión dos órganos municipais de Goberno

Quinto.-Dar conta das resolucións da Alcaldía núm. 1247 ata 1432, das Xuntas de Goberno Local do 13/09/2019, 20/09/2019, 27/09/2019 e 11/10/2019 e das resolucións contrarias aos reparos formulados pola intervención municipal.

Sexto.-Rogos e preguntas

Intervén a señora alcaldesa para dicir que en primeiro lugar vai a contestar ás preguntas que se formularon no pleno anterior

Rogos e Preguntas do grupo municipal socialista do pleno anterior

Pregunta o grupo socialista se temos pensado poñer en funcionamento os contedores soterrados a resposta é que si, xa o temos falado ca mancomunidade e con fomento que é a empresa que leva a xestión do lixo para ver se existe a posibilidade de facer unha proba de funcionamento porque non sabemos se técnicamente vai a ser posible.

Tamén se nos preguntaba pola mancomunidade da auga, solicitamos verbalmente a actual presidenta da mancomunidade unha reunión e dinos que lle demos un pouco de tempo, insistiremos e senón faremos unha solicitude por escrito.

Rogos e Preguntas do grupo municipal CXG do pleno anterior.

Preguntaba a señora Alfonso se a reserva de aparcamento detrás de Roque para o mercadillo se está autorizada por Portos e se nos dixo que para usos puntuais non facía falta facela. Se eles colocaron algunha vez hinchables entón si que hai que pedir autorización pero como o uso que se lle está dando é puntual e é o uso habitual que ten o espazo non fai falta.





CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Tamén nos preguntaba pola Federación Galega de Fútbol en que se concretaba a colaboración e se vai a concretar na elaboración do proxecto do arranxo do campo de fútbol. Xa nos presentaron unha memoria valorada da que vos demos conta na xunta de voceiros.

Preguntaba tamén se a brigada fixo algunhas horas extras polo tema de recollida de lixo pois non, algún día se modificou puntualmente o horario de traballo da brigada adiantando a entrada o saída pero non se fixo

Tivemos unha reunión ca mesa de negociación de persoal laboral, unha primeira toma de contacto e se deu conta dalgún tema pendente como adquisición de roupa para a brigada que era unha das cousas que lles preocupaba e que xa está resolta.

O señor Uhía que non sei si sabe que pode presentar as súas preguntas a través da súa voceira si é que o segue sendo, que non consta oficialmente nada presentado nada pero hai rumores sobre isto, preguntou polo período medio de pago a provedores a 30 de xuño que foi de 53,24 días e que preguntaba que conclusión sacabamos pois é evidente durante os meses de abril, maio e xuño se superou en 23,24 días o prazo legal que é de 30 e me sorprende que faga esas preguntas porque el era o concelleiro de facenda neses momentos e debería sabelo. Preguntaba tamén cal é o dato computable para o 2019 pois é o que se aprobou no plan económico financeiro que é de 4.794.983,91 euros que tamén debería sabelo si e que cumpría a súa función como debería. Preguntaba por as retencións de crédito sobre o gasto computable, sen ter en conta as nóminas nos primeiros seis meses do exercicio era o 14 por cento e durante estes catro meses foi o 16 por cento. Preguntaba si existían operación de permuta financeira SWAPS e a verdade e que non sei o que é e tampouco conseguín que ninguén me aclarase moi ben o que era pero supoñemos que se está a referir a un crédito que hai co BBVA que parece ser hai unhas cláusulas que non están moi claras e estamos traballando nese tema os servizos de intervención e tesourería. Preguntou se contratamos a algunha empresa para a limpeza de zonas verdes e parques este verán, non contratamos a ningunha empresa, o traballo fíxose con persoal municipal. Preguntou tamén polas terrazas. A situación das terrazas ao igual que os postos do mercadillo e bastante desastrosa e entendemos que eles deberían sabelo porque teñen informe da policía local de data 8 de maio no que literalmente se di que non teñen absolutamente ningún dato para xustificar informe licencias nin moito menos da situación das terrazas. Nos estamos traballando nun proceso de regularización tanto do mercadillo como das terrazas e tamén quería aproveitar esta pregunta para comentar ao señor Uhía que hoxe non está pero que supoño que se enterará que as famosas casetas que estiveron no curro da praza da asociación activa que nos dixo que se lle ía a cobrar non sei canto diñeiro polas taxas de ocupación, non so é que non pagaran senón que parece ser que hai unha suplantación de identidade por parte da persoa ou persoas que tramitaron no concello esa solicitude e se está investigando o tema. Tamén presentou hoxe unha pregunta sobre si a bonificación do IAE e acumulable ca exención xeral. A pregunta non ten ningún sentido porque se a actividade non está suxeita ao IAE non se lle pode aplicar ningunha bonificación e como o resto son unhas preguntas un pouco estrañas. Preguntou polos horarios do campo de fútbol Eleuterio Balayo luns de 20.30 a 23,00 e os martes e venres de 4.00 a 23,00 horas, Luis Bara Martes e venres de 5.30 a 23,00 e mércores de 19.30 a 23.00 e xoves de 19.00 a 23,00 e Agra da Filgueira mércores de 21.00 a 23.00 e venres de 19.30 a 23.00 e venres de 19.00 a 23.30 e entrenan categorías de benxamín infantil xuvenil cadetes e senior e os clubs de Muros Volantes e Montelouro en calquera caso todos os horarios están colgados nos campos de fútbol.

Rogos Preguntas do Grupo municipal do BNG do pleno anterior.





CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Preguntaba a voceira do grupo municipal do BNG sobre si tñiamos algunha resposta de Costas ás alegacións presentadas polo concello ao proxecto de Mariscos Antón, non recibimos ningunha resposta de momento. Cando se van a iniciar as obras do cine París, unha vez feita a acta de replanteo e a data estimada é a finais de febreiro tamén preguntou polas obras de Eleuterio Balayo está aínda sen contratar porque a primeira licitación quedou deserta e houbo que sacar un proceso dunha nova licitación. Preguntou polas xestións para a retirada do poste da baixada de Ventín e a verdade é que de momento non fixemos ningunha xestión nese sentido pero si que o miraremos. Preguntou polo pago das facturas de Castelo Rock e das Carrilanas e outras asociacións, algunhas xa se pagaron e as que están pendentes pagaranse en canto podamos porque como vostedes saben ningunha desas facturas ten consignación presupuestaria. Preguntou pola televisión en Torea e Abelleira tanto ese tema como o de acceso a internet esperamos que nunha reunión que xa temos concertada na Amtega a próxima semana podamos avanzar un pouco nesta cuestión. Preguntou se había un protocolo por aviso de animais nas rúas e normalmente os avisos ou ben chegan á policía local ou ben o Ges recóllese o animal e neste momento se están levando a Xestión Ética de Abandono temos pensado sacar a licitación desta xestión posto que está sen sacar e o que si detectamos nalgunha ocasión e que hai xente que recolle os animais que teñen dono xa que sobre todo nos lugares non é unha costume levar os cans ou os gatos con collar e xa nos atopamos con algún caso de xente que trouxo algún animal que tiñan o seu propietario que andaba buscando por eles. Tamén nos preguntou se estábamos traballando nos orzamentos xa sabe vostede que si porque lle entregamos na Xunta de Voceiros a semana pasada o borrador así que contestarlle afirmativamente.

Volve a darlle a palabra a señora alcaldesa ós grupos municipais para que realicen nesta sesión rogos e preguntas.

Rogos e preguntas grupo municipal socialista

Intervén a voceira do grupo municipal socialista a señora González Cerviño para dicir primeiro o da normativa das terrazas queremos deixar de manifesto e rogar que se execute a normativa de terrazas que hai aprobada é que se fixo cando eles estaban gobernando e resulta curioso que eles fagan esa pregunta cando estiveron gobernando e deberían saber que hai unha normativa aprobada de terrazas. Continua a señora González Cerviño dicindo que quere saber si vai a continuar os horarios de aparcamento da fachada marítima de Muros que protestamos varias veces na lexislatura anterior porque están reservadas ata as 11 da mañá para a venta ambulante e se non se van a modificar eses horarios polo menos que se revisen porque agora mesmo é moi fácil pasar por ahí e encontrar unha silla no medio ou unha alfombra. Queren informar que na estrada de Serres na baixada xusto na rotonda está entrando auga nos baixos que quedan debaixo da farmacia nesa casa e nalgunha mais que é auga de fora da carretera e se fan o favor que o revisen e traten de mirar de solucionalo porque o último día que choveu tanto subiu a auga e salía da carretera para dentro e que parece ser que habitualmente entra auga dende a carretera. Urxente tamén lles parece o arranxo das plaquetas do paseo do petril para dentro que están todas levantadas. Tamén quere preguntar que vimos na última Xunta de Goberno que se mandou que o proxecto do vestiario do campo de fútbol que cree que o motivo polo cal marchou a voceira do grupo municipal CXG ou non adscritos, a señora María Xosé foi porque precisamente non quixo encarar esta pregunta porque se lle comunicou aí que os proxectos que ela contratou son inexecutables o por lo menos quedan desertos e a lles parece que alguén ten que ter algunha responsabilidade sobre iso porque a consecuencia de que non se liciten eses proxectos pode ser que perdamos a subvención da deputación porque estamos falando do POS e por iso cree que o motivo de marchar non foi por ser hoxe o pleno senón por isto. Rogan que se trate de solucionar da





CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

mellor maneira posible este tipo de problemas para non perder esta subvención e din tamén que debería chamarse a Cesar Viana Ferreiro que foi o arquitecto que asinou o proxecto e que ela díxonos na Xunta de voceiros a preguntas miñas de que había pagado todos os proxectos se lle pagou o proxecto non é so facer un papel senón que ten que valer para executarse e que o modifique urxentemente para conseguir que Muros non se vexa outra vez privado doutra subvención que é importantísima que veñen pedindo os xogadores de fútbol. Tamén quere saber o seu grupo a maior brevidade posible cantos proxectos se lle adjudicou CXG a este arquitecto, todos cree que son do mesmo Pos, cantos son e cantos se pagou por cada un deles.

Rogos e preguntas do grupo municipal do BNG

Intervén a voceira do grupo municipal do BNG a señora Lago Lestón primeiro sobre o que acaba de dicir sobre o protocolo de recollida de animais gustaríalle preguntar si se comproba cando se lle devolve o animal ao seu dono están debidamente identificados e chipeados porque saben que é un problema mais que recorrente neste e mais concellos do rural

En relación á súa resposta sobre o protocolo de recollida de animais da rúa, ¿comproba o concello que animais estean debidamente identificados antes de ser devoltos aos seus donos? Sabemos que por desgracia na nosa zona aínda hai demasiados cans sen o correspondente microchipado obrigatorio

Ao remate do anterior mandato, este pleno apoiou unha moción presentada polo BNG na que se instaba ao concello a traballar na consecución dunha escola municipal ou alternativamente un punto de atención á infancia para dar solución ao problema de carencia de prazas públicas de educación infantil de 0 a 3 anos, ¿ten feito o concello algún avance neste tema?

¿Cando se prevé que comencen as obras do Cine París?

Con data 30 de setembro de 2019, a asociación de veciños "A Ostreira de Abelleira rexistrou no concello un escrito solicitando información sobre distintos procedementos do que aínda non tiveron resposta ¿Ten o grupo de goberno coñecemento de dita solicitude? ¿Por qué non foi contestado aínda? Así mesmo, o día 8 de outubro do corrente ano a mesma asociación volveu presentar outra solicitude con respecto a un camiño de titularidade pública sito na parroquia de Abelleira, do que tampouco se obtivo resposta, a pregunta é a mesma nos dous casos.

Con arranxo á Lei de memoria histórica, na que se insta a cambiar o nome de rúas, camiños, etc que fagan referencia a figuras relacionadas coa ditadura franquista, considerouse dende o concello o cambio de nome do "Camiño do Pardal, en Baño?

No lugar de Baño as árbores colocadas tras a obra de arranxo das beirarrúas crecen de tal forma que as polas das mesmas se atopan a menos de metro e medio do chan, ocasionado unha molestia importante para os viandantes e para os coches que aparcan na zona destinada a tal, chegando a quedar enganchadas nas portas ¿ten pensado o concello algunha medida para evitar isto? En casos de que non se prantexase, rogámoslle que, alo menos, se poden para que non supoñan unha molestia ou incluso un perigo ao bater con elas.





CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

As choivas das últimas semanas ocasionaron importantes estragos no concello, entre eles, a caída dun dos pes da ponte de pedra do lugar da Ponte Nova, en Abelleira, que se atopa aínda na canle do río, rogámoslle que restituán e a arranxen na maior brevidade dado o interese patrimonial da dita ponte.

Fai unhas semanas tivemos coñecemento de que a Consellería do Mar emitira un informe con relación ás obras de ampliación da depuradora de Punta Abelleira e solicitamos ao Concello de Muros que pedise copia do expediente e nolo fixese chegar. Fomos informadas de que dita solicitude foi feita por parte do concello ¿deu a Consellería do Mar contestación a esta solicitude?

¿Fixo algo o grupo municipal para atopar un terro onde instalar o poste de TV para Torea e Tal?

¿Están xa publicadas as listas de admitidos e excluídos nos obradoiros de emprego?

Posto que se está a instalar fibra en gran parte do concello, ¿prevese dotar tamén dunha conexión de internet decente a Torea e Abelleira? ¿ten pensado o concello buscar algunha solución para os puntos das parroquias que xa teñen fibra que se quedaron sen este servizo por non poder pasar o cableado polas fachadas particulares?

En canto ao poste de Ventín (aquí xa nos contestou que non fixeran xestións) ¿Teñen pensado facelo axiña?

E sen máis asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión, cando son as vinte e nove horas e vinte minutos , de todo o que eu como secretaria dou fe.

A secretaria Xeral.

Documento asinado electrónicamente

